



IV xuntanza do Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra, os días 7, 8 e 9 de abril de 1928. Fraguas é o segundo da segunda fila pola dereita. Sobresae o grupo dos ourensáns: Ramón Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas e Vicente Risco
[MPG: Fondo "A. Fraguas"]

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Ourense, 1960

Catedrático de Lingua e Literatura Galega no Ensino Medio. Secretario da Fundación Otero Pedrayo. Correspondente da Real Academia Galega.

Antón Fraguas,

EN TRASALBA, 1983, CO SEG e o IPSEG AO FONDO



Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Coñecín a Fraguas, a Antón Fraguas, o día 19 de xullo de 1983, en Trasalba. A data é fácil de lembrar porque era a entrega do primeiro premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo. O homenaxeado era o discípulo, amigo e veciño de don Ramón, Xoaquín Lorenzo. E fun alí, non só porque meu pai, Xosé Lino, era un dos impulsores iniciais da Fundación desde o seu posto de tesoureiro, senón porque como integrante do Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo Arqueolóxico de Ourense estabamos encantados de que o premiado fose o noso mestre e presidente, Xoaquín Lorenzo Fernández.

Despois daquela data volvín coincidir con el en varias ocasións, no Museo do Pobo, viaxes en coche, en actos do Pedrón de Ouro, etc. e sempre tirei a mesma impresión: un home de xesto agradable, de palabra amable e simpática, agudo e espelido. Despois, pasados os anos, cheguei a ter unha idea do porqué daquela amizade entre Antón Fraguas e os galeguistas ourensáns, que paso a desenvolver.

Significativamente Otero Pedrayo dirixíase a Antón Fraguas, humoristicamente, como “diputado por Listanco”, porque, aínda que orixinario das terras de Cotobade, súa nai e toda a familia materna, eran desta zona de Ourense. Os camiños da fortuna –da pouca fortuna– levaran a súa nai a vivir de pequena a



*Na praza compostelá do Toural, con Ramón Otero Pedrayo e Xosé Mosquera “O vello dos contos”, 1950
[MPG: Fondo “A. Fraguas”]*

casa duns tíos que residían en Cotobade e alí naceu Antón. Tiña, cando menos, memoria prestada das terras da nai e unha curiosidade e simpatía por ela, digamos, innata.

En segundo lugar, existe unha conexión fluída entre o galeguismo auriense e o da provincia de Pontevedra, moito máis intensa que con Santiago, Coruña ou Lugo. As razóns son varias. Unha, cremos que non menor, é debida á influencia da figura de Antón Losada Diéguez, que como se sabe foi o “galeguizador” do grupo intelectual e diletante ourensán de *La Centuria*, o “cenáculo ourensán”, mentres exerceu a docencia no Instituto de Ourense, entre 1915 e 1919. E o dinamizador Losada, culto señor de pazo, galeguista, católico e tradicionalista, trasládase ao instituto de Pontevedra a dar clases no curso 1919-20. Alí topará como compañeiro de docencia, entre outros,


a Castelao e serán ambos profesores de Xosé Filgueira Valverde e de Antón Fraguas. Froito desa confluencia intelectual pontevedresa, sairán cousas tan interesantes como o Museo de Pontevedra, as reunións de traballo na casa de Losada ao redor da arqueoloxía e estudo da realidade, a revista *Logos* de pensamento cristián, o grupo católico galeguista *Labor*... etc. Se cotexamos con Ourense, tamén temos aquí un núcleo de galeguismo conservador, ligado ao mundo cultural e da

arqueoloxía, ao Museo, ao catolicismo e impulsor da revista *Nós*.

“... Losada facía a clase intresante tendo como punto de partida das explicacións o libro de texto que recomendaba e os Códigos españoles (...) Católico exemplar, endemáis se mostraba irrespetuoso con ninguén, calquera que fose a súa maneira de pensar...”
A. Fraguas, 1968 (*Caricatura de Castelao*, Galicia, 25 de xullo de 1924)

Cremos que na dinamización da relación entre os homes de Ourense e Pontevedra, foi clave o Seminario de Estudos Galegos. Como lembramos, foi fundado en 1923, pero, entre os antecedentes estarían tanto esas xuntanzas de Losada en Pontevedra cos seus discípulos, como as actividades arqueolóxicas que Cuevillas e o grupo de Ourense que viña desenvolvendo e publicando en *Nós* desde 1920.

“... o gran Vicente Risco, enciclopédico, metafísico, extraordinario...” A. Fraguas, 1991 (*Deseño de Castelao*, El Sol, Madrid, 13 de agosto de 1919)



O caso é que no Seminario de Estudos Galegos, traballan de forma moi intensa tres persoas moi noviñas (Antón Fraguas, nado en 1905; Filgueira Valverde, en 1906; e Xoaquín Lorenzo, en 1907) ao lado dos seus mestres e amigos da xeración *Nós*, sexan Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, ou o propio enlace, Losada Diéguez.

Antón Fraguas, coñece aos ourensáns, segundo as súas propias palabras no texto “Lembranza da xeración *Nós*” *Nós* 145, 1970: *Un día iriamos nós tamén ó Seminario e unba mañán fría e con raxeiradas, conocín a Otero Pedrayo, Floro Cuevillas e Vicente Risco. Foi no estudio de Camilo Díaz, na rúa das Hortas.* O caso é que alí, desde o seu ingreso efectivo, en 1928 intégrase nas seccións de Etnografía e Folclore -dirixida por Risco- na de Xeografía, que



impulsa Otero Pedrayo- e colabora tamén coa de Prehistoria -que rexe Florentino L. Cuevillas- á parte de asumir o rol de Bibliotecario da institución; algo que andando o tempo, consideramos clave.

Este galeguismo orixinado no cultural, na arqueoloxía, na etnografía, na historia, e en posturas conservadoras e católicas establecerá esas pontes de simpatía de que falamos e terán moitas veces actitudes confluentes. Por exemplo, ao redor da revista Nós en 1920; en 1922, na Irmandade Nacionalista Galega de Risco, logo da asemblea de Monforte; volven coincidir nos inicios da ditadura de Primo de Rivera, ao creren a vontade de rexeneración da ditadura e aceptaren cargos políticos nas deputacións -Losada en Pontevedra, Risco en Ourense- pero axiña se desencantan e afastan dela. Colaboran, claro, na fundación do Partido Galeguista en 1931, e, tamén, algúns, na formación do grupo social-cristián Dereita Galeguista en 1934, e todos nas campañas en favor do Estatuto de 1936.

E despois da hecatombe da guerra civil, teñen, dalgún xeito, posturas que acabarán por confluír. A brutal laminación dos máis comprometidos homes do Seminario (19 asasinados, 32 exiliados, 32 sancionados) foi algo especialmente duro para os superviventes que tiñan no traballo cultural o seu eixo de vida. Otero Pedrayo, por exemplo, expresa esa desazón nun texto que lle envía a Xoaquín Lorenzo A Estadea coñecido como *Pranto polo Seminario de Estudos Galegos*.

E fronte a esta desaparición do Seminario, houbo reaccións, tratando de salvar o salvable. A decisión de diluír os seus fondos bibliográficos na Biblioteca da Universidade, promoverá no ano 1942 e 43 a reacción de Filgueira Valverde, que tratará de tecer vontades e permisos cos novos poders efectivos do país. E de aí, acabará nacemento o *Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos*, ligado ao *Centro Superior de Investigaciones Científicas*, en 1944. Fixense que mesmo a sigla de IPSEG, trata de lembrar o vello Seminario.

Ese pulo de Filgueira, seguramente a única persoa que o podería ter feito, co esforzo permanente do crego Xesús Carro en primeiro lugar, de Antonio Fraguas na Biblioteca, acabará por atraer, a partir de

1946 ao grupo de Ourense, ao traballo posible. Saben ben que o *Sarmiento* non é o *Seminario*, pero saben tamén que unha revista como os *Cuadernos de Estudios Gallegos* pode ser moi útil para publicar os traballos de humanidades cos que garantir a continuidade da investigación en humanidades. Presente debían ter todos, ademais, as dificultades de manter unha publicación periódica, despois de que os *Archivos* do vello Seminario, se deixasen de publicar en 1934 e a revista *Nós* distribuíse o seu último número maio-xuño de 1935. Saber, saben que non é o *Seminario* pero traballan con ilusión nas fendas do posible. Incluso Fraguas, nas cartas a Otero, chámalle á nova institución, *Seminario*. Por certo que nestas cartas tamén se ve - ao igual que nas que se cruzan Otero e Filgueira- a colaboración para galeguizar a Real Academia Galega e ir introducindo nela persoas de corda galeguista a partir da restauración de inicios dos corenta.

Creo que debeu ser decisiva nesta atracción do grupo ourensán cara ao Sarmiento, sobre todo de Otero -e os epígonos Xoaquín Lorenzo, Ferro Couselo, Taboada Chivite- porque Cuevillas á penas podía viaxar e Vicente Risco estaba máis ben á marxe de todo, a vontade de sobreporse ás circunstancias de facer sempre, todo o posible polo país. Algo, que axiña farían tamén varias iniciativas que poderíamos definir *sensu latu* como galeguistas, sexan a *Colección Benito Soto* (1948) en Pontevedra, sexan *Bibliofilos Gallegos* (1949) da man de Filgueira, *Monterrey* (1950) da man dos Álvarez Blázquez, ou *Galaxia* (1950) da man de Piñeiro e del Riego, coa colaboración da propia estrutura do desaparecido PG e sen dúbida, a máis importante e cun proxecto de país máis elaborado; ou mesmo *Celta*, de Lugo, publicando en galego desde 1952.

Este esforzo no posible ten un fito inaugural especialmente significativo para nós. Trátase do primeiro Anexo dos *Cuadernos de Estudos Gallegos*, datado en 1946, dedicado ao centenario de Domingo Fontán. Como é sabido, o matemático e xeómetra de Portas, autor do primeiro mapa de Galicia, era unha figura moi admirada por Otero Pedrayo que mesmo usou o seu mapa como elemento transcendental, catalizador do despertar da conciencia, en *Arredor de si*. A propia realización deste volume, con texto inicial de Otero Pedrayo e colaboración de Filgueira, Fraguas e



Trasalba, 19 de xuño de 1983
[MPG: Arquivo fotográfico]

outros, será, entendemos, un punto importante desta relación. Desde logo que as ideas, ilusión e liberdade que aniñaba no *Seminario* non era posible nese momento, pero as ducias e ducias de artigos escritos por Otero e por Cuevillas nos CEG, falan dese compromiso co país por riba de todo.

Andando o tempo, nos principios e mediados dos setenta, xunto co Museo de Pontevedra con Filgueira Valverde e o de Ourense con Ferro Couselo, o IPSEG converteuse no punto central de confluencia entre xeracións de arqueólogos, prehistoriadores e etnógrafos. No *Sarmiento*, as vellas xeracións estarían representadas naquela altura sobre todo por Xoaquín Lorenzo e Antón Fraguas –e ata a súa morte en 1973 por Xesús Carro e Fermín Bouza Brey– e os enlaces da nova xeración de prehistoriadores e arqueólogos polo grupo vinculado á Universidade e ao mundo dos museos, do que, andando o tempo saíría o impulso inicial ao Museo do Pobo Galego ao redor do eficaz traballo de Carlos García Martínez e o apadriñamento colectivo. A creación do Museo do Pobo Galego, sau-

dada mesmo por Otero Pedrayo a comezos de 1976 nunha das súas últimas cartas, foi, seguramente unha das máximas alegrías destes homes, Antón Fraguas e Xoaquín Lorenzo, convertidos, ambos, nese elo festivo que transmitía ás novas xeracións lembranzas prestadas e a ilusión dos homes do vello galeguismo cultural da preguerra.

TRASALBA, 19 DE XUÑO DE 1983

Das actividades desenvolvidas na Casa grande de Cimadevila -ou Pazo Museo Otero Pedrayo- o día 19 de xuño de 1983, o día da entrega do primeiro premio Trasalba da Fundación a Xoaquín Lorenzo Fernández, á parte da documentación da propia fundación e das referencias de prensa, existe unha gravación de vídeo de mala calidade, pero que constitúe un moi importante documento para seguir a historia destes premios que desde aquel momento se entregan anualmente no mes de xuño. A cousa desenvolveuse así.



A media mañá foi a sesión conxunta do “Consello Rector do Padroado” ao que rendía contas a “Xunta de Goberno”, celebrada no salón da Casa Grande, onde está o mapa de Fontán, –aínda non estaba feito o Salón de Actos– baixo a presidencia de Domingo García Sabell e a secretaría de Ramón Piñeiro. Despois dos inicios protocolarios do acto, pasáronlle a palabra ao presidente da Xunta de Goberno, e verdadeiro impulsor da Fundación, don Agustín Sixto Seco. El, cos seus colaboradores, Manuel González Somoza, Olga Gallego Dominguez, Xosé Lino Vázquez-Monxardín, foron dando cumprida conta da actividade anual en cadansúa área de responsabilidade, isto é, Presidencia, Secretaría, Biblioteca e Tesourería. Nas imaxes da Xunta de Goberno recoñecemos, á parte dos citados, a Bieito Ledo, Manuel Conde Corbal e Carlos Baliñas.

A segunda parte do acto, a parte aberta ao o público xeral, desenvolveuse na balconada da Casa que dá ao norte, ao patio da casa, onde a xente, de pé, escoitaba os discursos. Como mantedor exerceu Agustín Sixto Seco, e foi pasando as palabras sucesivamente, de saúda, ao Presidente de honra, Domingo García Sabell; de lembranza de Otero e laudatio do premiado a catedrático Carlos Amable Baliñas; e para a presentación do libro editado para a ocasión (*A nosa señora do Viso*, Edicións do Patronato, 1983) ao amigo Antón Fraguas Fraguas.

Con posterioridade, Xoaquín Lorenzo, contestou as palabras de Fraguas e agradeceu o galardón.

Presentamos as transcricións dos emotivos discursos de Antón Fraguas e a resposta de Xoaquín Lorenzo. Queremos unir neste artigo así, a memoria de dous amigos; o primeiro, ao que se lle dedica este ano a festa das Letras Galegas e o segundo, lembrando que fará no mes de xullo, trinta anos da súa morte.

ANTÓN FRAGUAS:

Dignísimas e ilustrísimas autoridades, donas e señores. Presentar eu un libro de Xocas é unha pequena alborada.

Se vivira D. Ramón contaríanos algo non como un señor feudal senón como un gran señor do paisaxe,

precisamente como aquí se falou. Non está D. Ramón e poderemos imitar o que el diría de Xocas: “é o millor etnógrafo que ten [Galicia]”. Non acostumo a esaxerar, así como non digo que é o millor ciclista nin o millor conductor de automóbiles, dixen o outro, porque é a verdá. Xocas fai [neste libro] un estudio amoroso, un estudio sentimental pero con ese sentimento noble de unha ermida, dunha ermidiña máis ou menos grande, máis ou menos isolada: é a de Nosa Señora do Viso. Está aí, o monte Viso, que ten tres ríos de referencia: o Limia, o Abedela e o Cadós. No Limia vía moitas mañanciñas Xocas a ilusión das néboas, pero vía amparado polos árbores. Xocas saía e lembraba tamén aquel camiño vello, o camiño dos románs, e basta os problemas que tiveron. Pero na historia deste santuario está posto o seu vivo pensamento, o seu latexar fondo, solo a terra, sabendo ben que anda por encima dela, e o seu latexar filosófico. Quere primeiro dar unha idea da xeografía do lugar, do monte, do lombo que hai, de como está a serra [do Leboreiro ao lonxe e a ermida do Viso nesta estribación], que non chega aos mil metros pero pasa dos oitocentos, de outras ermidiñas que están como [espalladas polas contornas] basta algunha altura que ten relación coa fundación de Ourense, inda que non sea máis que por unha lenda.

Co seu lápiz e o papel vai anotando puntualmente cousas, hai notas do pasado, notas, as mámoas, hai notas dos románs e cita o caso da vía que penetra pola Portela, e hai esas dúas cidades tan churrusqueiras: Aquis Originis e máis Aquis Querquennis. Sobre todo sempre me gustou este nome porque parece que está lembrando as queirugas do monte. Veñen despois os suevos, e hai unha memoria que el recorda moi ben: en San Xoán de Baños de Bande consérvase unha tampa dunha sepultura que está dedicada a Alepio. Era un mocíño de dezaioito aos e morreu e adicáronlle esta tampa. Adicáronlla o ano quiñentos dez, ou cinco centos dez, é dicir, a comenzos do século VI. Logo os suevos pasan, veñen por aquí e el vai recollendo, pero cando se perde o fío é cando o románico, aí xa non hai medio, porque viñeron os barrocos e o Barroco acabou con todo. Explícase perfectamente vendo Entrimo, a fachada da eirexa de Entrimo. Hai un lamento que eu comparto ben, que faltan ó pé do Limia os arboledos, faltan os carballos e os castiñeiros que inda hai cincuenta anos adornaban



Trasalba, 19 de xuño de 1983

[MPG: Arquivo fotográfico]

as súas beiras. Logo, como é a igrexa [a ermida do Viso], como hai alí restos do románico? Unha fiestra, a fiestra que dá pra dúas bandas, dá luz e sirve de furna para que se poña alí o santo e se faga unha misa ao aire libre.

A fonte, os problemas que se crían facendo fundacións, donacións especiais, hai quen funda capellanías e logo hai que entablar pleitos pra cobrar as rendas. Hai quen fai un legado especial de mil misas pola súa alma, ninguén se estrañe deste número, dez, cincuenta habían de ser alí, no Viso. Pero, quen non lembra que o Arcebispo de Santiago e de Toledo, pregado prá bermida di, pregunta: “Quen remuda as chavellas?”. E entón hai sempre un grupo de xente quen, con moito gusto, colle as chavellas e dá unha esmola. E cando chegue á porta da eirexa, temos visto en tantos sitios facer esta operación, puxar as andas, puxar a Santa, meterse debaixo, en fin, ofertas de xente e rapaces que estaban fóra, lonxe, e que prometeron á Virxen levar os lanzos anque lles costara vinte e cinco mil pesetas. Pois ben, cando chega á porta dinlle: “Canto pola Virxe ó altar?”. Haberá sempre oferentes que paguen o que sea por levar a Virxen deica o altar,

logo á fonte, logo outros restos e tamén, por que non, o xantar que tamén nos está esperando a nós.

Mais eu, quero lembrar eu agora aquí de final, dúas cousas: unha, síntome feliz presentando este libro e síntome feliz tamén presentando a idea de que acordou o Museo do Pobo e outros museos de Galicia editar os dispersos de Xocas. Eu, anque non sea o presentador dese tomo, Dios queira que sea, polo menos, escoitador ou ouvinte de quen o presente.

E rematarei agora cumprindo un encargo. Teño que poñer no oxal da chaqueta de Xocas a insignia de ouro do Museo do Pobo Galego que por unanimidade se acordou concederlle. É ben merecente dela, porque hai mais de cincuenta anos que Xocas ben pensando no museo da nosa terra, no Museo do Pobo Galego.

[Aplausos e Antón Fraguas, colócalle na lapela a insignia de ouro do Museo do Pobo Galego e toma a palabra Agustín Sixto Seco].

Agora, a Fundación Otero Pedrayo faille entrega a Xocas deste orixinal cadro que leva o noso logo-



tipo, a figura de D. Ramón diseñada por Maside, e que é a primeira deste tipo de cadros que no decorrer dos tempos e a outras personalidades que sexan agasalladas cada ano, se lle irá entregando. Xocas enceta así, esto que nós desexamos sexa para el algo que dure moitos, moitos anos, que el sexa capaz de entregar aquí a outros personaxes outros anos máis. Gracias.


[Aplausos. Agustín Sixto Seco, entrégalle a placa a Xoaquín Lorenzo e a continuación Domingo García Sabell, faille entrega do libro *A Nosa Señora do Viso* asinado por todos os sumados á homenaxe. A continuación, pásalle a palabra a D. Xaquín Lorenzo Fernández quen, coa emoción que o caracterizaba naquela altura, di:

Excelentísimos e ilustrísimos señores, miñas donas, meus señores: vou romper un pouco o protocolo. Eu debía de facer unha gabanza de Fraguas polas cousas que de min dixó, pero non vou dicir nada, soamentes unha cousa, Antón Fraguas, meu mestre, meu amigo, meu irmau, e sobre todos e por riba de todo, o home bo, cumpriu aquilo de quen honra ten, honra dá. Antón, que Dios cho pague. [Aplausos].

E permitídemme que comece lembrando unha anécdota que non por coñecida coido que é menos oportuna: atopábase un frade franciscano falando cunhos compañeiros de relixión e estaba a dicirlles: “mirai, todos vós sabedes máis ca min, todos vós adicades ao traballo un tempo que eu realmente perdo, pra vós non ten segredos o decálogo porque o cumprides como eu non o sei cumprir, en todo valedes máis ca min, pero eso si, a humilde non hai quen me gañe”.

[Permitídime] que eu diga o mesmo, que a humilde non hai quen me gañe, pero non o vou dicir. Non o vou dicir porque pra min este acto énceme de vanidade, non polo meu valer, non polo que eu baxa feito, senón pola presenza de tantos amigos, canto a amizade é pra min o primeiro do mundo. Habendo amizade, toda a benandanza posible neste mundo é un feito.

Os anos pasaron, a vida fíxome a min un regalo enorme, o regalo de convivir, de coñecer aqui-



*Sinatura de Antón Fraguas no exemplar do libro *A Nosa Señora do Viso* que se lle entregou a Xaquín en Trasalba, o 19 de xuño de 1983*
[MPG: Biblioteca Xaquín Lorenzo]

les homes que se chamaron Cuevillas, Risco, Otero, Taboada, Ferro Couselo, tantos que non podería nominalos a todos, pero todo o ben deste mundo ten o seu pago; coas alegrías veñen as dores tamén. Tiven tamén esas dores i ao longo do tempo funos despedindo a todos un a un. E boxe son como aquíl arbore de que fala a cantiga popular:

O carballo da portela
xa non ten folla ningunha
porque lla levou o vento
seica todas unha a unha...

[O vento] dos anos me foi levando a min aquilo que adornou toda a miña vida. Hoxe quedan unhos cantos medio vellos xa que un día o trebón deitará por terra. Mais se as alegrías da vida hai que pagalas coa dor, tamén as dores teñen a compensación da alegría, i eu penso que esas follas que o



Catro vellos amigos no souto de Trasalba o 19 de xuño de 1983:
 Ramón Martínez López, Xaquín Lorenzo, Antón Fraguas e Xosé Filgueira Valverde
 [MPG: fotografía de Xerardo Estévez]

*vento me foi levando caíron na terra e nesa terra
 fixeron a terra vexetal na que están nacendo boxe
 unbos arbolíños novos que son o que Galiza espera
 deles, son a esperanza da nosa terra. E a través das
 canas xa medio vellas inda podo presumir de que
 resoe a voz daqueles homes que fixeron a ciencia
 da Galiza. Sodes vós, os rapaces novos, sodes vós,
 esta xuventude marabillosa que está chea de em-
 puxe, que está chea de intelixencia e que está chea
 de coraxe. Pero mirai, hai no noso himno galego
 unha frase que eu quixera suprimir. É aquela que
 di: “non des a esquecemento da inxuria o rodo en-
 cono”. Eu diríavos polo contrario, “esquecede o en-
 cono, esquecede o odio, seguides o camiño que nos
 trazaron os devanceiros, mais co corazón limpo,
 co corazón aberto, cara un fito que é Galiza”. O ca-*

*miño é longo, é difícil, ó longo dil as espiñas irán
 desgarrando as vosas carnes, tropezaredes nos pe-
 nedos e cairedes, será a vosa pasión. Tamén Cristo
 tivo a súa pasión. A pasión de Cristo foi pra redi-
 mir aos homes, a vosa pasión será pra redimir a
 Galiza. Eu pediríavos que seguise ese camiño tal
 como o pedía o poeta:*

Na frente unha estrela
 nos beizos un cantar
 nos peitos a ledicia
 da nosa mocedá”¹.

E perdonai-me, pero non podo seguir...

[Aplausos finais]

1. O poeta a que se refire na última frase Xoaquín Lorenzo é Álvaro das Casas. En 1934 deu á luz para *Ultreya*, grupo de activismo galeguista da mocidade, un opúsculo de 28 páxinas que na capa leva *Ultreya. Escolma de Cantigas. Ordeadas por Álvaro das Casas. Pontevedra 1934*. O libriño está dividido en varias partes, *Cantos da Patria*, *Canzóns vellas*, *Verbas dos nosos poetas*, etc. Dentro do primeiro grupo, e a seguir do himno galego, figura este da autoría do propio Álvaro das

Casas, e que foi un dos máis interpretados polos galeguistas mozos naquel tempo, como eran Xurxo e Xoaquín Lorenzo. Decía así o poema:

Ultreya

*Ei Armórica, Cornubia e Cambria,
 Scocia, Erin, Galiza e a illa de Man!
 Son as sete nazóns celtas
 fillas do Rei Breogán.*

*Miña Patria Galiza
 ti és, e ti serás,
 cos teus verdes agros
 o mais quente fogar.*

*Son os sete ciñas brancos,
 os fillos dos Dedaniáns!
 Para ti miña Patria
 nos beizos un cantar;
 nos peitos a ledicia
 da nosa mocedá.*



LIMIAR A APORTACIÓNS Ó CANCIONEIRO DE COTOBADE

Ao ano seguinte, en 1984, o premiado co segundo Trasalba foi Antón Fraguas. A persoa que fixo a gabanza foi Xoaquín Lorenzo, e foi quen elaborou, asemade, o seguinte limiar para o libro do propio galaradoado, *Aportacións ó cancionero de Cotobade* impreso en 1985, xa baixo o rubro de “Publicacións da Fundación Otero Pedrayo”. Alí deixou dito Xoaquín Lorenzo:

Non é iste o intre de acrarar a biografía nin a bibliografía de Antón Fraguas. A súa vida e a súa obra son dabondo coñecidas pra que seña preciso resaltalas eiquí. Intresa, en troques, o intento de espricar a súa personalidade e chegar a ollar os motivos da súa adicación de sempre á ciencia e á Terra. Porque Fraguas non é por casualidade un xeógrafo e un etnógrafo. A realidade é que resultan tales adicacións de uns condicionamentos impostos polo seu mesmo vivir. Fraguas ten o seu berce no lugar de Loureiro, en Cotobade (Pontevedra), onde nace o 28 de Nadal do ano 1905, día dos Santos Inocentes, que marcaría níl o seu carácter inxénuo e bondadoso. Fai, por elo, 80 anos que o temos entre nós. Elí, a carón dos campesiños e dos rapaces seus amigos, vanse desenrolando os intres pírmeiros da súa vida, sinalando dende os comenzos o que sería o seu traballo vital.

Os seus ollos afixéronse ó panorama das terras de Cotobade e daprendeu os seus segredos, do mesmo xeito que se asulagou na ialma de aquiles homes, seus paisanos e amigos, cos que se identificou plenamente. Mociño xa, pasa a Pontevedra, onde fai os estudos secundarios e, rematados estes, vaíse a Santiago, a súa segunda patrea, que o honrou nomeandoo seu Fillo Adoptivo. A carón do Apóstol perpárase en Humanidades e a elas adica os seus traballos dende entón. E niste intre, maduro xa, atopa a súa definitiva adicación ó se pór en contacto cos homes que traballaron no Seminario de Estudos Galegos. A seu carón traballa con Otero, con Risco e con Cuevillas. Iles infúndenlle, millor, decóbrenlle o seu destiño: Xeografía e Etnografía, pasando, como non podía por menos, pola Arqueoloxía. Por todo elo, Fraguas e fundamentalmente xeógrafo e etnógrafo; os ensinós de

Risco e Otero atopan níl terreo axeitado pra que as suas sementes rendesen froito.

E renderono dabondo.

O seu coñecemento da terra e dos homes que viven nela, que son a fin de contas os que máis intresan, cristalizou en moitos traballos que lle foron gañando nome e admiración en todos aquiles que, dentro ou fora de Galicia, adican as suas angueiras a traballos semellantes.

Mais a Terra eisixe aínda unha adicación meirande. Non abonda a ciencia pra traballar por ela; quer tamén a adicación persoal e a entrega da propia vida cando é preciso. E Fraguas atopou iste intre cando tivo que sufrir na súa carne as dentelladas da incomprensión e do odio.

Perseguido e aldraxado, soubo ofrecer a súa pasión á Terra e trocar a tranquilidade e o “bo vivir” pola idea que rexía dente sempre a súa vida.

E pasou o tempo.

Hoxe, coesa mesma adicación que non foron capaces de afogar as mais ruíns malquerenzas, aínda sabe traballar por Galicia coa adicación de sempre.

E, a fins de contas, este é o que val e oque queda do noso paso pola vida.

Trátase de xustificar a propia eisistencia deixando un froito cheo e ben maduro pra poder ollar as mans cheas cnado nos chegue o intre de dar contas.

Así fai Antón Fraguas e, se Deus quer, seguirao facendo aínda por moitos anos.

Xoaquín Lorenzo morreu catro anos despois deste prólogo, en 1989 e Antón Fraguas, catorce, en 1999. Dúas vidas exemplares, tecidas de ciencia humanística e amizade.